



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte



A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a vinteseis de outubro de mil novecentos noventa e catro,

VISTO o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado "A COSTA" a solicitude dos veciños de Xubín, Concello de CENLLE (Ourense).

RESULTANDO que con data 23 de marzo de 1990, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polo Secretario da Asociación de veciños de Xubín (Cenlle), solicitando se declare o monte "A COSTA" como veciñal en man común.

RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión celebrada o día 13 de novembro de 1991, acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte "A COSTA" designando instructores do mesmo a D. Manuel Bouzas



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE

Costa e D^a Elena Barca Ramos, quenes aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Ribadavia, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do pobo , ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense, ó Presidente da Cámara Agraria Local, ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Cenlle e ós Xefes dos Servicios de Estructuras e Desenvolvemento Rural, e de Montes e Industriais Forestais, e de Extensión Agraria da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense do día 16 de xaneiro de 1992e no taboleiro de anuncios do Concello de Cenlle, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia extendida polo Secretario do Concello de Cenlle, que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados pudesen comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada ningunha alegación.



RESULTANDO que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de Ribadavia como segue:

Letra A) ó folio 164 do Libro 73 de Cenlle, Tomo 467, finca 9.573.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE

RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse
tódalas formalidades legais.



VISTOS, a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes
veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de
1992, así como o establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro,
de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento
Administrativo Común.

CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Clasificación de
montes veciñais en man común, ten Xurisdicción e competencia para
coñecer los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal
carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

CONSIDERANDO que o tipo de comunidade xermánica que institúe
a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características
esenciais as seguintes: 1) Que os condominios únense por vínculos
persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares,
caseríos ou barrios non constituídos formalmente en Entidades
municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable
e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e
aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal,
faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrecán
OURENSE

patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO que segundo informacións e testimonios resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños de Xubín, no Concello de Cenlle (Ourense).

Os datos do citado monte son:

- Municipio: CENLLE.
- Denominación: "A COSTA".
- Comunidade propietaria: Xubín.
- Superficie: 51.783 M2.
- Lindeiros:

N.: término municipal de San Amaro.

S.: Fincas particulares e canteira de Xubín.

R.: Fincas particulares.

O.: Término municipal de San Amaro.





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE

CONSIDERANDO que das informacións recollidas resulta que os veciños do pobo de Xubín, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.

A C O R D A :

PRIMEIRO. - CLASIFICA-lo monte denominado "A COSTA", de 51.783 m². de superficie a favor dos veciños do pobo de Xubín, no Concello de CENLLE, e cos lindeiros descritos no Considerando terceiro, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

SEGUNDO. - Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta Resolución ó Sr. Alcalde- Presidente, ó representante da Comunidade veciñal, ó Sr. Xefe do Servicio de





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE

Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, previa a comunicación á que se refire o artigo 110,3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, perante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.



1133

A COSTA - MONTE DE XUBIN



ESCALA $\approx 1:1000$

Superficie:
5 Ha. 17a 83ca 51.783 m²

Termino municipal de SAN AMARO

EIRAS

"CANTERA DE

Arroyo de la "FAREIXA"

BAZAMONCE

a la ctra. general